

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESÓN DO VENTO

CURSO: 2º

MATERIA: Lingua Galega

DEPARTAMENTO: LINGUA

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o turno de palabra.	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendndo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios ...) e procedentes de diversas fontes.	Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	Describe e narra situacións e experiencias personais sinxelas.
Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	Le con entoación adecuada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación	Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.
Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
Relacionar códigos verbais e non verbais.	Ilustra de forma creativa os seus escritos con ilustracións redundantes.
Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. Sinala o xénero e número de palabras dadas.
Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Avaliación continua do seu traballo, vendo a súa progresión e detectando as súas carencias, ao longo dos dous primeiros trimestres. No terceiro trimestre a valoración está en función do traballo presentado pero sempre tendo en conta as circunstancias personais de cada alumno.
	Instrumentos: Traballos do alumno no día a día da clase, preguntas orais e controis espaciados no tempo.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A partir da cualificación obtida nas dúas primeiras avaliacións xunto coa valoración do traballo realizado nas casas durante o último trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Traballo no libro de texto do terceiro trimestre e en diversas fichas que poden descargar da páxina web e imprimir. Tamén traballo en caderniños recomendados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Dada a escasa idade do alumnado, o contacto é coa súa familia a través do correo electrónico e, en casos puntuais, telefónico ou vídeo conferencia.
Materiais e recursos	Libro de texto. Diversas fichas que poden descargar da páxina web do centro. Actividades on-line que foron seleccionadas polo titor e ás que se pode acceder desde a páxina do centro.